

## **Bases reguladoras do programa “Tecendo lazos” 2016**

No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei.

Así mesmo, dispónse que os poderes públicos fomentarán, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por parte de entidades de iniciativa social, sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na citada lei.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, convoca a primeira edición do programa interxeracional “Tecendo lazos”.

### **Bases**

#### **Primeira. Obxecto**

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública por parte da Deputación de Pontevedra relativa ao programa “Tecendo lazos” 2016, que ten por finalidade desenvolver obradoiros interxeracionais, no ámbito do lecer e do tempo libre, a través dos cales se pretenden crear estratexias, oportunidades e formas de creación de espazos para o encontro, a sensibilización, a promoción do apoio social e o intercambio recíproco, intencionado, comprometido e voluntario de recursos, aprendizaxes, ideas e valores encamiñados a producir entre as distintas xeracións lazos afectivos, cambios e beneficios individuais, familiares e comunitarios, entre outros, que permitan a construción de sociedades máis xustas, integradas e solidarias.

Fomentarse nas persoas maiores o envellecemento activo, mellorando a súa actividade física, cognitiva e social, e nas persoas máis novas mellorarase as súas habilidades sociais e a empatía cara ao resto das xeracións.

Todos os obradoiros contarán, ademais, cun módulo denominado “A historia do meu concello”, a través do cal se tratarán de recompilar as historias, lendas, contos, fotografías... dos concellos que se adhiran, co fin de publicar a información e documentación recollidas.

Poderán adherirse a este programa todos os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes.

### **Segunda. Adhesión dos concellos**

Todos os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes poderán sumarse ao programa mediante un acordo de adhesión.

Os concellos deberán cubrir o modelo de acordo de adhesión que se facilita no Rexistro xeral da Deputación, na oficina de Vigo ou na páxina web institucional ([www.depo.es](http://www.depo.es)).

O acordo de adhesión deberá presentarse no Rexistro xeral da Deputación de Pontevedra:

- Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n
- Oficina de Vigo: rúa Oporto, 3

Tamén se poderá presentar a través de calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de remitirse por correo postal (ao Rexistro da Deputación) deberá ser certificado no formulario co selo de Correos para garantir que a data de remisión está incluída no prazo de presentación de solicitudes da orde de convocatoria; se o selo non se recolle no formulario terase en conta a data de recepción da solicitude de adhesión. Cando a solicitude se remita por correo postal deberase adiantar ao seguinte correo electrónico: [cohesionsocialexuventude@depo.es](mailto:cohesionsocialexuventude@depo.es).

O prazo de presentación dos acordos de adhesión será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do extracto destas bases no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO). Se o último día do prazo coincidise en festivo este prorrogarase ata o seguinte día hábil.

Ao se adheriren, os concellos estarán na obriga de cumprir coas bases do programa, así como de prestar as súas instalacións e de proporcionar os medios materiais que lles sexan requiridos para o correcto desenvolvemento do obradoiro escollido, nos termos que se recollan no catálogo.

O catálogo conta cos seguintes títulos:

1. Risos en familia
2. Coas mans nos pucheiros
3. Álbum familiar
4. Brincadeiras de sempre
5. O noso son

Os concellos adheridos aceptan darlles rexistro de entrada ás solicitudes presentadas por todas as persoas interesadas en participar no programa a través do seu concello, así como as condicións que se establecen nestas bases e no catálogo do programa.

### **Terceira. Persoas beneficiarias**

Os obradoiros interxeracionais ofertados terán como destinatarias as familias dos concellos que se adhiran ao programa, para fomentar a participación, o dinamismo, a actividade e o emprendemento destas.

No programa poderán participar persoas de todas as idades; terán preferencia aquelas que se anoten xuntas e pertencen a diferentes xeracións (netas/os, avoas/avós, fillas/os; nais/pais...).

As nenas e nenos de entre 13 e 17 anos (ambos inclusive) que queiran acudir sós deberán achegar o consentimento da nai ou pai ou da titora ou titor.

As nenas e nenos de menos de 13 anos deberán acudir sempre acompañados dunha persoa adulta; en ningún caso poderán participar menores de 13 anos non acompañados.

Tamén poderán ser beneficiarias do programa persoas doutros concellos, sempre que presenten a correspondente solicitude no Rexistro do concello escollido e que non se cubrisen todas as prazas.

#### **Cuarta. Documentación dos concellos**

Os concellos adheridos deberán remitirle diferentes documentos ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra ao longo de todo o proceso:

1. Unha vez que o Concello estableza o prazo de inscrición, deberá remitirle o cartel de difusión cuberto, cos datos do seu concello (facilitarase o modelo web previamente desde a Deputación), a través de correo electrónico ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, para poder publicar as datas de inscrición deste concello na web institucional.

O prazo de inscrición deberá permanecer aberto un mínimo de 15 días naturais.

2. Despois de rematado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa do Concello responsable do programa deberá remitirle, no prazo de tres días, a seguinte documentación ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude:

- a) Relación de participantes

- b) Solicitudes e documentación adxunta (DNI, autorizacións...) escaneadas ao correo electrónico: [cohesionsocialxuventude@depo.es](mailto:cohesionsocialxuventude@depo.es)

A continuación, deberán remitirle por correo postal as solicitudes orixinais ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, cunha antelación mínima de 15 días respecto da data de inicio escollida, para poder levar a cabo as comprobacións oportunas antes de facilitarlle á empresa adxudicataria a relación definitiva de participantes.

A relación definitiva confeccionarase desde a Deputación de Pontevedra, pero será a empresa adxudicataria a encargada de contactar coas persoas participantes seleccionadas para todas as comunicación relativas ao programa.

#### **Quinta. Lugar e prazo de presentación das solicitudes**

As persoas participantes deberán cubrir o formulario de solicitude, que poderán obter no Concello ou ben a través da web institucional ([www.depo.es](http://www.depo.es)). Poderán inscribirse ata catro membros por familia na mesma solicitude.

Os formularios de solicitude deberán presentarse, nos prazos de inscrición establecidos, no rexistro do concello no que se oferte o obradoiro escollido pola persoa interesada.

Cada concello establecerá os seus propios prazos de inscrición.

#### **Sexta. Documentación das persoas participantes**

Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI (das persoas participantes que se recollan na solicitude)
- Autorización/Compromiso de responsabilidade (só necesario para as e os menores de 13 a 16 anos que acudan sós aos obradoiros)
- Volante de empadramento

No caso de querer participar en diferentes concellos, deberase cubrir unha solicitude para cada un e achegar, en cada caso, a documentación correspondente, nos prazos de inscrición de cada concello.

#### **Sétima. Procedemento de concesión dos obradoiros**

O departamento instructor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Cohesión Social e Xuventude, e a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno.

Desde o Servizo de Cohesión Social e Xuventude elaborárase a relación definitiva de participantes por concello tendo en conta os seguintes criterios:

1. Menores que acudan acompañados dunha persoa adulta e estean empadroados no concello
2. Menores que acudan acompañados dunha persoa adulta e non estean empadroados no concello
3. Persoas que participen de forma individual e estean empadroadas no concello
4. Persoas que participen de forma individual e non estean empadroadas no concello

Cando se supere o número máximo de 30 persoas por obradoiro atenderase á orde de entrega no rexistro para elaborar as listas de participantes.

### **Oitava. Condicións do programa**

“Tecendo lazos” é un programa que lles ofrece aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra diferentes actividades interxeracionais a través das cales se tratará de poñer en contacto as distintas xeracións para favorecer as relacións individuais, familiares, comunitarias e sociais entre as persoas participantes.

As actividades deberán contar cun mínimo de 10 persoas participantes e cun máximo de 30, das cales un 40 % serán menores (poderá variar nalgún caso por necesidades da actividade, previa comunicación á empresa adxudicataria).

O programa desenvolverase durante o mes de decembro. O horario e as datas da sesión serán determinados por cada concello adherido dependendo das súas necesidades ou intereses, coordinado coa empresa adxudicataria.

Dentro das 16 horas lectivas deberá existir un módulo denominado “A historia do meu concello”, que recollerá actividades enfocadas á recompilación de fotografías, historias, lendas, contos... de cada un dos concellos que se adhiran ao programa, co fin de reunir os datos máis significativos de cada lugar.

Os diferentes obradoiros atópanse no catálogo do programa publicado e na páxina web da Deputación de Pontevedra.

De non acadar o número mínimo de participantes valoraranse as opcións existentes antes de anular o curso.

Os diferentes obradoiros serán ofertados a través dunha empresa especializada na materia, responsable da execución, coordinación e avaliación do programa.

Ao finalizaren os obradoiros entregaráselles unha acreditación de participación a todas as persoas participantes no programa.

Os obradoiros deberán rematar antes do 31 de decembro de 2016; existe, previa solicitude por parte do Concello adherido e co informe favorable do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, a posibilidade dunha prórroga de 15 días naturais.

### **Novena. Obrigas dos concellos**

- Enviar os documentos solicitados dentro dos prazos establecidos
- Aceptar as obrigas específicas dos obradoiros solicitados, proporcionando as instalacións debidamente acondicionadas, así como os medios materiais esixidos para o bo desenvolvemento de cada un. A empresa adxudicataria informará favorablemente, ou non, das condicións das aulas para a boa marcha do obradoiro (segundo o catálogo)
- Informar as persoas participantes dos materiais que deberán levar (segundo o catálogo)

- Aceptar as obrigas específicas dos obradoiros solicitados, as características da aula, o material que esta debe conter, e ter o alumnado ao tanto do material que deberá levar, no caso de que sexa preciso
- Autorizar a institución provincial a publicar os datos de contacto e o enderezo no que se deberán presentar as solicitudes, co fin de que as persoas que non sexan do concello poidan realizar a súa solicitude
- Dar rexistro de entrada ás solicitudes das persoas interesadas, co fin de elaborar a lista de prelación
- Consentir, ao se adherir a este programa, que os datos da súa solicitude e a relación de participantes queden incorporados aos ficheiros informáticos da Deputación. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros coa finalidade de conter os datos das persoas que participan en programas financiados polo organismo provincial, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos
- Consentir, ao se adherir a este programa, que os datos da adhesión poidan ser incluídos na páxina web
- Autorizar a Deputación a obter imaxes das instalacións para comprobar que estas cumpren os requisitos esixidos para a correcta realización do obradoiro escollido, así como imaxes durante a execución do programa para a súa difusión e promoción

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberá comunicárselle ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra.

#### **Décima. Obrigas das empresas**

A empresa adxudicataria terá a obriga de proporcionar en cada obradoiro:

- Docentes coa titulación regulamentaria e con experiencia suficiente para cada obradoiro, coa categoría profesional correspondente segundo o convenio colectivo do sector
- Unha carpeta coa imaxe do programa, coa guía didáctica, un caderno ou folios e un bolígrafo para cada participante
- Materiais didácticos precisos para unha boa execución (manuais didácticos, fotocopias da parte teórica para cada participante...)
- Unha copia da póliza do seguro de responsabilidade civil

A empresa adxudicataria será a responsable de coordinar coa persoa do Concello todo o referente ao obradoiro e de realizar as comunicacións necesarias para informar a cada alumna ou alumno do día, da hora e do lugar de realización deste.

Calquera anomalía que se advirta sobre o desenvolvemento do programa deberá comunicárselle ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra.

### **Décimo primeira. Orzamento**

A contía consignada para o programa “Tecendo lazos” que se regula nesta orde ascende, no ano 2016, a sesenta mil (60.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 16/231.2311.227.07, do orzamento ordinario desta institución provincial, sen prexuízo de que este crédito poida ser ampliado, se é o caso. Para a ampliación do crédito deberase ter en conta o disposto no artigo 58 do RLXS.

A Deputación establece a convocatoria do programa “Tecendo lazos” no marco de obradoiros interxeracionais, ofertando inicialmente un total de 53 obradoiros, un por concello, que poderán incrementarse con base no prezo definitivo da empresa adxudicataria para cada un deles.

No suposto de que o número total de obradoiros ofertados nesta convocatoria non quedase cuberto, esta institución resérvase o dereito a cubrilos con concellos que teñan a suficiente demanda para realizar un segundo obradoiro, a través dunha petición motivada do Concello dirixida á deputada delegada de Cohesión Social e Xuventude, que será a encargada de autorizala, se é o caso.

#### **Décimo segunda. Publicidade**

A empresa adxudicataria levará a cabo unha estratexia de comunicación orientada á consecución do resultado máis eficaz, tendo en conta o público obxectivo ao que vai destinado o programa e contemplando os formatos máis idóneos, realizados cunha óptima calidade, en función da poboación.

#### **Décimo terceira. Prazo de vixencia**

As bases que regulan este programa terán vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

#### **Décimo cuarta. Lexislación aplicable**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Bases de execución do orzamento provincial vixente